

CRITERIOS AVALIACIÓN LITERATURA UNIVERSAL**1. O heroe clásico da épica grega e latina. [3 puntos]**

A pregunta céntrase na caracterización dos heroes épicos greco-latinos, **non no resumo das obras da épica greco-latina.**

Débase explicar brevemente o contexto dos heroes nos grandes ciclos míticos (o tebano, o de Heracles, o dos Argonautas e o troiano), explicar as súas características nas obras de Homero, s. VIII a. C. (*Iliada* e *Odisea*), Virxilio, s. I a. C. (*Eneida*) e aludir á finalidade desta literatura e o significado dos seus protagonistas. Débase aludir, tamén, a Ovidio (s. I a. C- I d. C.) e ao seu poema épico-mitolóxico *Metamorfoses*, e a Lucano (s. I d. C.) e á *Farsalia*, épico-historicista. Non se trata de resumir o argumento das obras, senón de sintetizar a prefiguración épica dos seus heroes: forzas condutoras dos seus feitos, importancia dos antagonistas e dos opoñentes na determinación da súa grandeza, fin trágico e dimensión universal de, polo menos, Aquiles, Héctor, Ulises e Eneas.

2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra da Ilustración ou do Romanticismo que leu, explicando o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espacios e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]

Debe escollerse unha obra do período proposto: a prosa ilustrada (Voltaire, Diderot, Montesquieu, Madame de Staël, Chateaubriand); a novela inglesa e a europea (Daniel Defoe, Jonathan Swift, Laurence Sterne; Voltaire; Puskin, Manzoni); a conciencia histórica e o novo sentido da ciencia do Romanticismo (Rousseau, Goethe); os románticos (Goethe, Schiller, Heine, Lamartine, Vigny, Musset, Victor Hugo, Leopardi, Pushkin, A. de Quental, Byron, Shelley, Keats, Tennyson, Browning, Barret Browning; a novela histórica (W. Scott).

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes, o tempo, o espacio, as características da voz narrativa ou lírica, o estilo do texto, o conflito que desenrola e o seu tema central, ademais da importancia desta obra no seu contexto literario e a relevancia da mesma na literatura universal.

3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia e transcendencia LITERARIAS da obra que elixise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con **argumentos literarios**, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles. [1 punto]

É necesario casar os datos das catro columnas para redactar os dez textos que se solicitan. Cada un deles computará 0,1 puntos se os **catro** datos que o compoñen son correctos.

EN TODAS AS PREGUNTAS É NECESARIO DEMOSTRAR CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E ORTOGRÁFICA. AS FALTAS DE ORTOGRAFÍA, DE ACENTUACIÓN, DE PUNTUACIÓN E DE EXPRESIÓN BAIXARÁN A NOTA FINAL DO EXAME.